

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 9104** *Real decreto 717/2010, do 28 de maio, polo que se modifican o Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, e o Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.*

O Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, foi modificado polos reais decretos 700/1998, do 24 de abril; 507/2001, do 11 de maio; 99/2003, do 24 de xaneiro, e 1802/2008, do 3 de novembro.

A normativa anteriormente citada constitúe a incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas, así como das súas posteriores modificacións.

Recentemente aprobouse o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006.

Este regulamento, xunto co Regulamento (CE) n.º 1907/2006, substituirá no futuro a actual lexislación nacional de produtos químicos, constituída fundamentalmente polo citado Real decreto 363/1995 e polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.

O Regulamento (CE) n.º 1272/2008 modifica varios artigos da Directiva 67/548/CEE xa citada e substitúe a referencia ao anexo I desa directiva pola do contido da parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008, na Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.

Este real decreto ten como obxecto a modificación do Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, e do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, que constitúen unha transposición ao dereito interno das directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE, respectivamente.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e o Consello de Consumidores e Usuarios e consultadas as comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, e de acordo co establecido no artigo 40, puntos 5 e 6, da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Política Social, de Industria, Turismo e Comercio, e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo.*

O Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, queda modificado como segue:

Un. O punto terceiro do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Cando unha entrada que conteña a clasificación e a etiquetaxe harmonizadas dunha substancia concreta se introducese na parte 3 do anexo VI do

Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, a substancia clasificarase conforme a dita entrada e os puntos 1 e 2 deste artigo non se aplicarán ás categorías de perigo cubertas pola dita entrada.».

Dous. Suprímese o punto 4 do artigo 5.

Tres. O punto 5 do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«5. Os fabricantes, distribuidores e importadores de substancias que aparecen no EINECS, pero para os cales non se creou unha entrada na parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008, buscarán os datos accesibles e pertinentes existentes relativos ás propiedades das ditas substancias.

Atendendo a tal información, deberán envasar e etiquetar provisionalmente as substancias perigosas conforme o disposto nos artigos 18 a 21 deste regulamento e os criterios establecidos no anexo VI deste regulamento.».

Catro. O punto 2 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«2. As medidas do punto 1, párrafo primeiro, aplicaranse ata que a substancia se introduciuse na parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 para as categorías de perigo cubertas pola dita entrada, ou ata que se tomase a decisión de non incluíla na lista.».

Cinco. As mencións contidas no artigo 19 ao anexo I deste regulamento substitúense polas da parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

Seis. Suprímese o anexo I do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo.

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.*

As mencións contidas no Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, ao anexo I do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, substitúense polas da parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

**Disposición transitoria única.** *Etiquetaxe e envasado de substancias.*

Os artigos 18 a 21 do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, non se aplicarán ás substancias, a partir do 1 de decembro de 2010, por serlles de aplicación con carácter obrigatorio a partir desa data o disposto nos títulos II, III e IV do Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ